



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Literatura Galega e Estudos Socioculturais	Código	613G02032	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
Descrición xeral	Estudo da literatura galega desde a perspectiva dos estudos de xénero, sistémicos, identitarios, emerxentes etc.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Analisar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	A1 A2 A4 A7 A10 A11 A14 A15 A17	B1 B2 B7 B9	C1 C4 C6
Coñecer e aplicar diferentes métodos e técnicas de análise á produción literaria e cultural galega.	A1 A2 A3 A4 A7 A11 A14 A15 A17 A23	B1 B3 B7	C1 C4 C6
Comprender os procesos históricos do estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma.	A3 A7 A17 A19 A23 A27 A28	B5 B8	C4 C6



Adquirir as habilidades necesarias para analizar e interpretar os mecanismos dos procesos da creación literaria.	A2 A4 A10 A11 A15	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C4 C6 C8
Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués.	A7 A14 A17 A18 A19 A20 A23 A27 A28	B5 B7 B8 B10	C1 C4 C6
Realizar achegas creativas e orixinais na análise dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.	A4 A10 A11 A14 A15	B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Literatura e ideoloxía	1.1. Literatura e sociedade: aproximación ao estudo dos temas, métodos e problemas da crítica sociolóxica. 1.2. Aproximación a textos literarios galegos desde unha perspectiva sociolóxica e/ou cultural.
2.- Literatura e estudos de xénero	3.1. O concepto de xénero e as achegas metodolóxicas dos estudos feministas. 3.2. Pensamento feminista e crítica literaria 3.3. A construción da identidade de xénero na literatura galega 3.4. Aproximación a textos literarios galegos desde a perspectiva de xénero
3.- Literatura e identidade nacional	3.1.- A configuración literaria da nación: o repertorio temático identitario. 3.2. Aproximación a textos literarios galegos desde a perspectiva identitaria

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A2 A4 A10 A14 A15 A17 B2 B3 B9 C1 C6 C8	1	8	9
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A11 A14 A23 A27 A28 B1 B5 C4	10	30	40
Lecturas	A3 A7 A17 A18 A19 A20 B7 B6 C4	6	24	30
Discusión dirixida	A2 A4 A10 A11 A15 B4 B7 B8 B10 C1 C4	9	0	9
Actividades iniciais	A14 B9 C6 C8	0.5	0	0.5



Sesión maxistral	A1 A3 A7 A14 A17 A18 A19	9	13.5	22.5
Atención personalizada		1.5	0	1.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ao longo do curso, e sempre baixo a guía e supervisión da docente, o alumnado terá que elaborar varios exercicios escritos a partir das lecturas obrigatorias e dos contidos desenvolvidos nas sesións docentes. Cada estudante terá que realizar un traballo final obrigatorio sobre algún aspecto relacionado co temario, que terá o formato dun breve ensaio e cuxo tema e cuxa orientación requirirá o visto e praxe da persoa docente en sesións de seguimento. Haberá igualmente unha valoración conxunta final.
Análise de fontes documentais	Como actividade derivada das sesións maxistras, o alumnado terá que analizar textos (teóricos ou de creación) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc) . Isto implicará un traballo previo que requirirá un esforzo na actividade non presencial.
Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas, así como as necesarias para a realización dos traballos.
Discusión dirixida	Ao longo de varias das sesións do curso, desenvolveranse discusións, moderadas pola profesora, sobre algún dos aspectos do temario. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.
Actividades iniciais	Toma de contacto para coñecer o nivel de coñecementos, intereses, motivacións, etc.
Sesión maxistral	Nas sesións docentes presentaranse os contidos teóricos da materia en combinación con preguntas dirixidas aos estudantes e propostas de exercicios prácticos. Para cada sesión, o alumnado terá que facer unha serie de lecturas obrigatorias que serán comentadas posteriormente na aula.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Através destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos ou destrezas.
Sesión maxistral	Á beira do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado pola profesora responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida fundamentalmente para o apoio á realización dos traballos tutelados.
Traballos tutelados	
Lecturas	De maneira xeral, cada estudante asistirá, polo menos, a unha sesión de atendimento previa á entrega do traballo final.
Discusión dirixida	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A11 A14 A23 A27 A28 B1 B5 C4	O alumnado terá que analizar en clase textos (teóricos o literarios) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc). Isto implicará un traballo previo que requirirá un esforzo na actividade non presencial.	20



Traballos tutelados	A2 A4 A10 A14 A15 A17 B2 B3 B9 C1 C6 C8	Ao longo do curso, e sempre baixo a guía e supervisión da docente, o alumnado terá que elaborar varios exercicios escritos a partir das lecturas obrigatorias e dos contidos desenvolvidos na aula.  O traballo final obrigatorio consistirá na elaboración dun comentario persoal e orixinal sobre un aspecto relacionado cun punto do programa. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, e a clareza expositiva e expresiva. Este traballo deberá ser entregado na semana seguinte ao remate das aulas.	60
Discusión dirixida	A2 A4 A10 A11 A15 B4 B7 B8 B10 C1 C4	Avaliarase a participación activa nas sesións prácticas dedicadas á posta en común de cuestión e problemas previamente plantexados pola profesora. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.	20

### Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Asemade, todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

Para a segunda oportunidade do mes de xullo, aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá que entregar, na data marcada para o exame, os exercicios escritos que non fosen avaliados positivamente e o traballo tutelado (no caso de o ter reprobado con anterioridade); ademais, para substituír o 40% das actividades presenciais (análise de fontes e discusión), terá que realizar unha proba obxectiva sobre o programa da materia e as lecturas obrigatorias.

Os/as alumnos/as que teñan matrícula a tempo parcial e/ou dispensa académica deberán realizar os mesmos traballos e probas que os estudantes con matrícula ordinaria. A presentación oral do traballo realizarase nunha sesión de tutoría persoal. A data e hora de realización destas sesións poderán ser concertadas a través do correo electrónico.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir ao exame (proba mixta) ou cando non asista e participe, ao menos, no 50% das sesións presenciais.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Blanco, C. (1995). Nais, damas, prostitutas e feirantas . Vigo: Xerais</li><li>- Castro, O. / Reimóndez, M. (2013). Feminismos. Vigo: Xerais</li><li>- González Fernández, H. (2005). Elas e o paraugas totalizador. Vigo: Xerais</li><li>- Figueroa, A. (2001). Nación, Literatura, Identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia. Vigo: Xerais</li><li>- Rodríguez Sánchez, F. (1990). Literatura galega contemporánea. Problemas de método e interpretación . Vilaboa-Pontevedra: Ed. do Cumio</li><li>- (). .</li></ul> <p>A profesora fornecerá, na aula e/ou a través da plataforma Moodle, unha selección de textos literarios e críticos que o alumnado deberá ler nos prazos fixados.</p>
----------------------------	---



<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Amorós, C. (coord.) (1994). Historia de la teoría feminista. Madrid: Instituto de Investigaciones feministas de la UCM /Dirección general de la Mujer</li> <li>- Beltrán, E. et alii (eds) (2001). Feminismos. Debates teóricos contemporáneos. Madrid: Alianza</li> <li>- Bernárdez, C. L. / Insua, E. X. / Millán, X. M. / Rei, M. / Tato, L. (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo: A Nosa Terra</li> <li>- Blanco, C. (1995). Literatura galega da muller. Vigo: Xerais</li> <li>- Blanco, C. (1995 ). O contradiscurso das mulleres. Historia do feminismo. Vigo: Nigra</li> <li>- Fariña Busto, Mª J. (eds.) (2005). Escribir en femenino. Poéticas e políticas . Barcelona: Icaria</li> <li>- García Negro, Mª P. ( 2001 ). Arredor de Castelao. Vigo: A Nosa Terra</li> <li>- García Negro, Mª P. (2010). O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo. Santiago: Sotelo Blanco</li> <li>- González Fernández, H. (2009). Género y nación : la construcción de un espacio literario . Barcelona: Icaria</li> <li>- Macedo, A. G. / Amaral, A. L. (orgs.) (2005). Dicionário da crítica feminista. Porto : Edições Afrontamento</li> <li>- Moure, T. (2012). Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións . Vigo: Galaxia</li> <li>- Rodríguez Sánchez, F. (1993). Eduardo Blanco-Amor. O desacougo da nación negada. Vilaboa-Pontevedra: Ed. do Cumio</li> <li>- Queizán, Mª X. (2008). Anti natura. Vigo: Xerais</li> <li>- Salinas Portugal, F. / Tavares Maleval, Mª A. (orgs.) (2006). Estudos Galego-Brasileiros 2. A Coruña: Servizo de publicacións da Universidade da Coruña</li> <li>- Tarrío, A. (coord.) (). Galicia. Literatura (vols. XXXII-XXXIV) . Hércules de edicións: A Coruña</li> <li>- Tato Fontaíña, L. / Tavares Maleval, Mª A. (orgs.) (2009). Estudos Galego-Brasileiros 3. Lingua, Literatura e identidade. UERJ: Rio de Janeiro</li> <li>- Varela, N. (2005). Feminismo para principiantes. Barcelona: Ediciones B</li> <li>- Vilavedra, D. (1999 ). Historia da Literatura Galega . Vigo: Galaxia</li> <li>- VV. AA.: (1996). Historia da Literatura Galega 5 vols.. Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / A Nosa Terra</li> </ul> <p>A profesora fornecerá ao longo do curso, a través da plataforma Moodle, material bibliográfico complementar e outros recursos específicos para cada un dos temas obxecto de estudo nesta materia.</p>
------------------------------------	--

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carne@udc.gal

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías